



## 1. Cualificación das preguntas tipo test

Nos exames das probas de acceso a ciclos formativos de grao medio con preguntas tipo test, soamente haberá unha resposta correcta. A cualificación obtida en cada pregunta correctamente contestada será de 0'5 puntos. As respuestas incorrectas descontarán 0'125 puntos cada unha. As preguntas non contestadas non descontarán puntuación.

## 2. Referentes para a avaliação

### 2.1 Competencia en comunicación lingüística

Esta competencia refirese á utilización da linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita, de representación, interpretación e comprensión da realidade, de construcción e comunicación do coñecemento, e de organización e autorregulación do pensamento, as emocións e a conduta.

#### 2.1.1 Aspectos da competencia que deberá medir a proba

- Habilidade para expresar pensamentos, emocións, vivencias e opinións, formarse un xuízo crítico e ético, xerar ideas, estruturar o coñecemento, e dar coherencia e cohesión ao discurso e ás propias accións e tarefas.
- Habilidade que permite buscar, comprender, componer e utilizar distintos tipos de textos con intencións comunicativas ou creativas diversas.
- Habilidade para seleccionar e aplicar determinados propósitos ou obxectivos ás accións propias da comunicación lingüística, o diálogo, a lectura, a escritura, etc.
- Habilidade para a reflexión sobre o funcionamento da linguaxe e as súas normas de uso, o que implica a capacidade de tomar a linguaxe como obxecto de observación e análise.

#### 2.1.2 Criterios de avaliação

##### Lingua galega

##### Lingua castelá

CA1 Extraer e contrastar informacións concretas e identificar o seu propósito, inferir o tema principal e os secundarios, e distinguir como se organiza a información.

Este criterio vai dirixido a comprobar a capacidade para:

- Extraer informacións concretas expresadas con palabras diferentes ás usadas.
- Contrastar as informacións procedentes de diversas fontes.



- Identificar o tema principal dun texto e os secundarios, non só recoñecendo os enunciados en que aparezan explícitos, senón inferíndoos de informacións que se repiten.
- Establecer a relación entre os elementos dunha exposición e dunha explicación.
- Aplicar técnicas de organización de ideas.
- Saber usar e tirar proveito de sinais semánticos, léxicos, sintácticos e gráficos.

**CA2 Narrar, expor, explicar, resumir e comentar, organizando as ideas con claridade, ligando os enunciados en secuencias lineais con cohesión, e respectando as normas gramaticais e ortográficas.**

A proba deberá versar sobre feitos de actualidade social, política ou cultural que admitan diferentes puntos de vista e diversas actitudes ante eles.

Con este criterio preténdese avaliar se se é quen de:

- Redactar os textos cunha organización clara e ligando as oracións nunha secuencia lineal con cohesión.
- Narrar e comentar con claridade feitos e experiencias, e compor textos propios.
- Facer resumos, sínteses, comentarios e ampliacións dun texto, sobre todo os expositivos, e cando está a intención de aprender contidos.
- Expor proxectos de traballo e informar das conclusións.
- Presentar correctamente os textos escritos respectando as normas ortográficas e gramaticais.

**CA3 Aplicar os coñecementos sobre a lingua e as normas do uso lingüístico para resolver problemas de comprensión de textos escritos, e para a súa composición e a súa revisión.**

Preténdese valorar a capacidade de utilizar os coñecementos sobre a lingua, e as normas de uso en relación coa comprensión, a composición e a revisión de textos.

**CA4 Coñecer a terminoloxía lingüística necesaria para o uso da lingua.**

Con este criterio preténdese avaliar se se é capaz de coñecer e usar a terminoloxía básica para seguir e dar explicacións e instrucións nas actividades gramaticais.